



Asunto: informe sobre Parque Eólico As Penizas.

Promotor: Greenalia Wind Power, SLU

Localización: Concellos de Cerdedo y Forcarei (Pontevedra)

Clave: IN 408A 207/06

Polo promotor preséntase os documentos titulados “Estudio de Impacto Ambiental y Proyecto del Parque Eólico As Penizas, en los términos municipales de Cerdedo y Forcarei (Pontevedra)”.

Por parte do Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos se solicita informe sobre o devandito documento no ámbito das competencias da Axencia Turismo de Galicia .

Para a elaboración do presente informe, é de ter en conta o establecido na lei 7/2011 de 27 de outubro de turismo de Galicia, que entre outros establece :

- *A protección e a preservación dos recursos turísticos existentes e o fomento da creación de novos produtos turísticos. (artigo 4.b).*
- *A consideración de recursos de interese turístico, todos os bens materiais e inmateriais e as manifestacións da realidade física, social, histórica e cultural de Galicia que poidan xerar ou incrementar de xeito directo ou indirecto os fluxos turísticos tanto do interior como do exterior da nosa comunidade, propiciando repercusións económicas favorables. (artigo 21).*
- *Nos lugares de paisaxe aberta e natural de especial interese, sexa rural ou mariña... nas inmediacións das estradas e camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá.... a instalación doutros elementos que limiten o campo visual para contempla as belezaas naturais, rompan a harmonía da paisaxe ou desfiguren a perspectiva propia dela (artigo 21.3).*

Á vista da documentación presentada, infórmase que

A execución de parques eólicos non poden desvirtuar ou alterar o entorno da súa ubicación, modificando a súa orixinalidade tanto nas características que o definen como nos intereses turísticos particulares e xerais creados no entorno

A nosa comunidade autónoma é receptora principalmente dun turismo diferenciado baseado na natureza que supuxo nestes últimos anos a aparición de novos produtos baseado no turismo de natureza (cicloturismo, turismo ornitolóxico.....) e no turismo rural , o que deberá ser respec-





tado na construción de novos parques eólicos sendo por tanto preciso un estudo turístico que avalíe a situación actual e a repercusión que supón un novo parque eólico.

O estudo de impacto turístico debe incluír ou completar a seguinte información:

- Relación de elementos turísticos significativos da zona: hoteis, casas rurais, etc.
- Distancia dos aeroxeradores aos devanditos puntos turísticos.
- Mapa dos PE da contorna existentes e previsión con estudos acústicos sobre sinerxías e control de ruídos que poida ou puidese afectar a zonas turísticas.
- Medidas preventivas e correctoras no desenvolvemento da construción e explotación que puidese afectar a zonas turísticas.
- Programa de vixilancia ambiental na fase de construción e explotación.
- Posibles medidas compensatorias deben ser acordadas co sector turístico da zona e os seus habitantes.
- Medidas que permitan coñecer o impacto real do proxecto autorizado, cun calendario de controis en razón do vento, con medidas automáticas fixando limiares de alerta e críticos, en caso de incumprir a normativa acústica segundo directrices da FAO.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

Luis Gestal Ernau

Xefe da Area de Obras e Mantemento

(Asinado dixitalmente)

